

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 9034** *Real decreto 699/2018, do 29 de xuño, polo que se declara área mariña protexida o corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo, se aproba un réxime de protección preventiva e se propón a súa inclusión na Lista de zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (Lista ZEPIM) no marco do Convenio de Barcelona.*

As augas marítimas en que o Reino de España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición localizadas no mar Mediterráneo entre as costas de Cataluña e a Comunidade Valenciana e o arquipélago das illas Baleares presentan un gran valor ecolóxico e constitúen un corredor de migración de cetáceos de fundamental importancia para a supervivencia destes animais mariños no Mediterráneo occidental.

Nesta franxa de augas da demarcación mariña levantino-balear tense constatado a presenza de balea común (*Balaenoptera physalus*), que mantén pautas migratorias, ben como doutros cetáceos que non se rexen por pautas migratorias definidas, como son o arroaz real (*Tursiops truncatus*), o golfinho riscado (*Stenella coeruleoalba*), o golfinho común (*Delphinus delphis*), o caldeirón común (*Globicephala melas*), o arroaz boto (*Grampus griseus*), o cachalote (*Physeter macrocephalus*) e o cifo de Cuvier (*Ziphius cavirostris*); así como de tartarugas mariñas como a tartaruga mariña común (*Caretta caretta*), tiburóns e aves mariñas.

O denominado «Proxecto mediterráneo para a identificación das áreas de especies de interese para a conservación dos cetáceos no Mediterráneo español», publicado en 2004, froito do convenio entre o entón Ministerio de Medio Ambiente e as universidades de Valencia, Barcelona e Autónoma de Madrid, xa identificaba este espazo como unha área de especial interese por ser unha ruta migratoria de cetáceos.

O estudo incidía na necesidade de protexer esta zona por concentrar gran diversidade de especies de cetáceos e por ser de especial relevancia como zona de paso migratorio destas especies cara ás súas áreas de cría e alimentación no norte do Mediterráneo. Para isto, propuña a declaración deste espazo como zona especialmente protexida de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM) do Convenio de Barcelona.

Diversos estudos posteriores reiteran na súas conclusións a importancia e singularidade desta zona mariña para especies peláxicas de cetáceos e tartarugas e recalcan a conveniencia de protexela mediante a figura de ZEPIM.

Os efectos sobre os cetáceos que se asocian ao ruído submarino son a interferencia na comunicación e a cohesión social, a interrupción de actividades vitais como a alimentación, a reprodución ou a migración, o abandono de hábitats esenciais, mudanzas nos patróns de natación e mergullo, ou o impedimento para detectaren predadores ou outros perigos (presenza de embarcacións ou de artes de pesca, etc), e a desorientación e varamentos masivos. Algúns destes efectos fisiolóxicos e de comportamento derivados do ruído foron apreciados tamén en tartarugas mariñas e poden comprometer a supervivencia destes réptiles mariños.

Seguindo os compromisos asumidos polo Reino de España en diversos convenios internacionais ratificados polo noso país, a declaración de novos espazos mariños protexidos é unha tarefa a que se concedeu grande importancia e que experimentou un forte avance nos últimos anos.

España é, desde 1976, parte contratante do Convenio para a protección do medio mariño e a rexión costeira do Mediterráneo, foro creado no marco de Nacións Unidas; a través do seu protocolo sobre as zonas especialmente protexidas e a diversidade biolóxica no Mediterráneo (en diante Protocolo ZEPIM) establécese unha lista de zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo, co obxectivo de salvagardar

hábitats necesarios para a supervivencia, a reprodución e a recuperación das especies en perigo, ameazadas e, segundo o caso, tamén endémicas.

Por outro lado, no marco do Convenio sobre a diversidade biolóxica (1992), que estableceu numerosas recomendacións e resolucións de interese para a conservación dos ecosistemas mariños, foron adoptadas en 2010 as metas de Aichi. Entre estas metas figura que no ano 2020 ao menos o dez por cento das zonas mariñas e costeiras, especialmente aquelas de particular importancia para a diversidade biolóxica e os servizos dos ecosistemas, deben estar conservadas por medio de sistemas de áreas protexidas.

Así mesmo, de acordo coa Convención sobre a conservación das especies migratorias de animais silvestres, ou Convenio de Bonn, aprobouse en Mónaco en 1996 o Acordo sobre a conservación dos cetáceos no mar Negro, o mar Mediterráneo e a zona atlántica contigua (Acordo ACCOBAMS); este acordo foi ratificado polo Reino de España en 1999, e o seu obxectivo é reducir as ameazas a que se ven sometidos os cetáceos nesas augas e mellorar o coñecemento que se ten destas especies. En concreto, o anexo 2 (Plan de xestión) do citado Acordo ACCOBAMS dispón, no seu punto 3, titulado «Protección do hábitat», que «as partes se esforzarán por crear e xestionar zonas especialmente protexidas para os cetáceos que correspondan ás zonas que serven de hábitat aos cetáceos e/ou que lles proporcionan recursos alimenticios importantes. Estas zonas especialmente protexidas deberanse crear no marco dos convenios mariños rexionais (Convenio OSPAR, Convenio de Barcelona e Convenio de Bucarest) ou no marco doutros instrumentos adecuados».

No noso ordenamento xurídico, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, incorpora as directrices internacionais e a normativa europea en materia de conservación da biodiversidade. Conforme o establecido no seu artigo 6, corresponde á Administración xeral do Estado, a través do hoxe Ministerio para a Transición Ecolóxica, o exercicio das funcións a que se refire a lei citada, con respecto a todas as especies, espazos, hábitats ou áreas críticas situados no medio mariño, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas no litoral. Así mesmo, correspóndelle o exercicio destas funcións na zona económica exclusiva, plataforma continental e espazos situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou no mar alto.

Por outra parte, a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, incorpora ao dereito español a Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008. Estas normas introducen a obrigaçión de lograr un bo estado ambiental das augas mariñas europeas mediante a elaboración de estratexias mariñas, co obxectivo final de manter a biodiversidade e de preservar a diversidade e o dinamismo dos océanos e mares.

Todas as especies de cetáceos e tartarugas mariñas que utilizan as augas deste corredor están incluídas na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial; ademais, a balea común, o cachalote común, o caldeirón común, o arroaz real, o golfinho común e a tartaruga mariña son especies catalogadas na categoría de «vulnerable» dentro do Catálogo español de especies ameazadas, ambas as listas reguladas polo Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas. Finalmente, todas estas especies están incluídas na lista de especies en perigo ou ameazadas do anexo II do Protocolo ZEPIM, para as cales, indica, se deberá garantir que se manteñan nun estado de conservación favorable.

Así pois, os datos científicos proporcionados anteriormente, por un lado, e a aplicación da nosa normativa, por outro, xustifican e fan recomendable dotar dunha figura nacional de protección este espazo de corredor de migración de cetáceos, ben como a súa proposta de inclusión na Lista ZEPIM, ademais da instauración dun réxime de protección preventiva ante aquelas actividades que poidan pór en risco os seus valores naturais.

En concreto, e en relación co réxime de protección preventiva, este real decreto recolle unha serie de medidas que se consideran acordes cos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade e, do mesmo modo, proporciona seguranza xurídica, todo isto ao abeiro do previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas. A regulación asegura a certeza dos destinatarios e contén as medidas necesarias e proporcionais para lograr obxectivos de primeiro interese ambiental e para o cumprimento dos compromisos internacionais adquiridos polo Reino de España nesta materia.

A área que se propón como área mariña protexida é unha franxa continua de augas marítimas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición dunha superficie calculada de 46.385,70 km<sup>2</sup> e duns 85 km de largura media, que discorre entre a costa catalá e valenciana, e o arquipélago balear. Por outra parte, a área mariña que se propón para a súa inclusión na Lista ZEPIM corresponde á mesma superficie, exceptuando o espazo mariño da ZEPIM das illas Columbretes, que xa desfruta desa figura de protección no marco do Convenio de Barcelona.

Esta área esténdese polo norte dentro das augas de soberanía española á altura do cabo de Creus, en Girona, até o cabo da Nao, en Alacant, polo sur; polo leste, discorre paralela ás costas das illas de Ibiza, Mallorca e Menorca, a unha distancia duns 13 km; e polo oeste, tamén paralela ás costas catalá e valenciana, mantense a uns 38 km de distancia media.

O espazo mariño, incluídas as augas en que está integrado, o fondo e a columna de aire supraxacente, constitúen un ecosistema de grande importancia e moi vulnerable, onde existen especies de gran valor.

Débese aclarar que, segundo o establecido no mencionado protocolo, o procedemento para o establecemento dun espazo ZEPIM e a súa inclusión na Lista ZEPIM require que o Estado membro presente unha proposta ante o Convenio de Barcelona para a súa consideración.

Ademais, o Protocolo ZEPIM establece que, para poder formalizarse a proposta para incluír este espazo mariño na Lista ZEPIM, se deben cumprir dous requisitos previos:

Que no espazo estean presentes algunhas das especies incluídas na lista de especies en perigo ou ameazadas do anexo II do Protocolo, para as cales se deberá garantir que se manteñan nun estado de conservación favorable; e

Que o espazo dispoña dun réxime de protección recoñecido pola parte interesada, en cumprimento do anexo I do Protocolo.

Igualmente o Protocolo establece que as zonas incluídas na Lista ZEPIM deben contar cun plan de ordenación detallado que deberá presentarse durante os tres anos seguintes á inclusión na lista, ben como cun plan de vixilancia continua. O plan de xestión que se elabora para este espazo deberá cumprir coas exixencias de planificación do Protocolo para as zonas ZEPIM.

Como consecuencia, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente anunciou na Conferencia das partes do Convenio de Barcelona celebrada en Atenas en febreiro de 2016 a intención de dotar este espazo mariño dunha figura de protección e de solicitar a súa inclusión para a declaración como ZEPIM.

Por isto, segundo o anteriormente exposto, e de acordo co principio de transparencia e eficiencia, apróbase esta norma, que foi sometida na súa tramitación á consulta do Consello Asesor de Medio Ambiente, da Comisión Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, do Consello Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e da Conferencia Sectorial de Pesca, e á audiencia e información públicas, en cumprimento dos artigos 16 e 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e do artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2018,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Declaración do corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo como área mariña protexida.*

1. Declárase a zona mariña do corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo como área mariña protexida (AMP), de acordo co establecido no artigo 33, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e no artigo 27.1, da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, así como en aplicación do artigo II, número 3, alínea c) do Acordo sobre a conservación dos cetáceos no mar Negro, o mar Mediterráneo e a zona atlántica contigua (Acordo ACCOBAMS) e do artigo 3 do anexo 2 do citado acordo.

2. A zona ocupa unha superficie estimada de 46.385,70 km<sup>2</sup>, segundo o sistema de referencia terrestre europeo (ETRS89), proxección UTM, fuso 31; a cartografía desta área declarada como AMP figura no anexo.

3. A zona comprende a totalidade do espazo mariño, incluídas as augas en que está integrado, o leito, o subsolo e os recursos naturais existentes dentro dos límites establecidos polas seguintes coordenadas xeográficas:

Coordenadas dos vértices do espazo mariño proposto:

ID	Lonxitude (ETRS-89)	Latitude (ETRS-89)
1	003° 39' 02,002» E	42° 18' 57,294» N
2	003° 39' 02,026» E	41° 54' 15,252» N
3	003° 30' 32,060» E	41° 37' 36,567» N
4	003° 15' 18,370» E	41° 23' 05,374» N
5	001° 34' 43,766» E	40° 42' 21,785» N
6	000° 33' 27,757» E	40° 00' 55,698» N
7	000° 20' 21,559» E	39° 30' 07,070» N
8	000° 20' 21,559» E	38° 49' 44,729» N
9	000° 30' 05,254» E	38° 39' 59,379» N
10	000° 47' 59,476» E	38° 39' 59,379» N
11	001° 00' 00,398» E	38° 50' 03,331» N
12	001° 00' 25,212» E	39° 19' 01,812» N
13	001° 40' 02,495» E	39° 28' 42,075» N
14	002° 16' 09,853» E	39° 51' 21,986» N
15	004° 04' 31,926» E	40° 34' 13,067» N
16	004° 33' 24,766» E	41° 06' 51,050» N

Artigo 2. *Réxime de protección preventiva.*

1. A fin de garantir que non exista unha mingua do estado de conservación das especies presentes neste espazo, apróbase a aplicación dun réxime de protección preventiva. Este réxime de protección preventiva consta das seguintes medidas:

a) Non se permitirá o uso de sistemas activos destinados á investigación xeolóxica subterránea, tanto por medio de sondas, aire comprimido ou explosións controladas como por medio de perforación subterránea, na área comprendida no artigo 1, salvo aquelas relacionadas con permisos de investigación ou explotación en vigor.

b) Quedará prohibido calquera tipo de actividade extractiva de hidrocarburos, salvo aquelas relacionadas con permisos de investigación ou explotación en vigor.

2. As infraccións do réxime de protección preventiva establecido no número 1 deste artigo estarán sometidas ao réxime sancionador establecido no título VI da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e na Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Disposición adicional primeira. *Proposta ao Convenio de Barcelona da inclusión da AMP Corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo na Lista ZEPIM.*

1. Proponse á Secretaría do Convenio para a protección do medio mariño e a rexión costeira do Mediterráneo (Convenio de Barcelona) a inclusión da AMP Corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo na Lista de zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (Lista ZEPIM), excepto o ámbito territorial da ZEPIM Illas Columbretes, ao estar xa este espazo protexido incluído na Lista ZEPIM.

2. Para estes efectos, dáse traslado do formulario oficial ao Centro de Actividade Rexional para Áreas Especialmente Protexidas do Plan de Acción do Mediterráneo (RAC/SPA) do Convenio de Barcelona, para a súa consideración e, se for o caso, inclusión na Lista ZEPIM.

Disposición adicional segunda. *Adaptación á Estratexia mariña para a demarcación mariña levantino-balear.*

As medidas que se establezan no correspondente plan de xestión adaptaranse, en caso de ser necesario, ao disposto no programa de medidas da Estratexia mariña para a demarcación mariña levantino-balear, elaborada de acordo coas prescricións da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Dereito internacional.*

A aplicación das disposicións deste real decreto levarase a cabo sen prexuízo das liberdades de navegación, sobrevoo e tendido de cables submarinos nos termos previstos no dereito internacional, especialmente a Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar e outros convenios internacionais e as súas resolucións de aplicación.

Disposición adicional cuarta. *Actividades de defensa nacional e seguranza pública.*

Promoverase a colaboración entre os departamentos ministeriais afectados no seo da Administración xeral do Estado co obxecto de garantir que as actividades cuxo único propósito sexa a defensa nacional e a seguranza pública se leven a cabo, na medida en que isto sexa razoable ou factible, dun modo compatible cos obxectivos do presente real decreto, de tal modo que as decisións que se poidan eventualmente adoptar en relación co desenvolvemento de actividades de defensa nacional e seguranza pública non se tomen sen solicitar o parecer do Ministerio para a Transición Ecolóxica, ao menos na elaboración dos protocolos militares.

Disposición adicional quinta. *Dotacións e gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non suporán incremento de dotacións, retribucións ou doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, e en exercicio das competencias estatais de desenvolvemento e execución en relación con especies, espazos, hábitats ou áreas críticas situados no medio mariño.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación normativa recoñecida na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia.*

As medidas establecidas neste real decreto manteranse en vigor até a aprobación do correspondente plan de xestión, que se establece no prazo máximo de tres anos contados desde o momento en que este espazo mariño sexa incluído na Lista ZEPIM.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2018.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,  
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ



## ANEXO

### Delimitación do espazo

#### Área mariña protexida

Corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo

